

Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS BOLSAS COMPLEMENTARIAS AO ESTUDO PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES DO CONCELLO DE LALÍN. CURSO 2024/2025

O Concello de Lalín convoca a concesión de bolsas complementarias ao estudo para o curso 2024/2025 de acordo coas bases e anexos aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 31 de maio de 2024:

A Constitución Española consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

O municipio, de acordo ao artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local considera que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación de servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións.

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013: continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicables como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola comunidade autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais: continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso pola normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro, establece no artigo 4 que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas. De acordo co artigo 3.3 a educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grado básico constitúen a educación básica.

No artigo 83 da Lei 2/2006 establécese que para garantir a igualdade de todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os/as estudantes con condicións socioeconómicas desfavorables terán dereito a obter bolsas e axudas ao estudo.

No eido da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúelle ás corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O artigo 8 da lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello de Lalín convoca as bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as matriculados/as en centros docentes do Concello de Lalín para o curso 2024/2025 de acordo coas seguintes

BASES

1.- OBXECTO, FINALIDADE E ESTUDOS SUBVENCIONADOS.

1.1.- É obxecto das presentes bases a regulación e a convocatoria do procedemento para a concesión de axudas complementarias destinadas a facilitar o acceso ao material escolar, deportivo, calzado e roupa das familias empadroadas no Concello de Lalín e integradas por alumnado matriculado, durante o curso escolar 2024/2025, en centros docentes públicos e privados concertados do municipio.

A finalidade destas axudas é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas presenten maiores dificultades para afrontar os gastos derivados da escolarización dos/as seus/súas fillos/



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

as, promovendo así accións que contribúan ao benestar social, paliando as diferenzas sociais e os riscos de exclusión social e favorecendo a integración das nenas e nenos no sistema educativo.

1.2.-O procedemento de concesión das bolsas establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local; no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das corporacións locais; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como nas Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2024, e respectando o establecido na normativa en vigor en materia de protección de datos de carácter persoal.

1.3. – A convocatoria destas bolsas complementarias ao estudo está dirixida ás seguintes ensinanzas do sistema educativo:

- Segundo ciclo de educación infantil
- Educación primaria
- Educación secundaria obrigatoria
- Ciclos formativos de grado básico

1.4.-No orzamento municipal para o ano 2024, existe consignación orzamentaria para a concesión de bolsas complementarias ao estudo con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polo importe que se relaciona a continuación:

Aplicación orzamentaria	Importe
326.48100	29.700 €

1.5.- As bolsas complementarias reguladas nestas bases intégranse no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lalín para o ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024, encadrándose na liña 3 do dito plan (subvencións de cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano). O obxectivo estratéxico desta liña é o apoio ás persoas e colectivos máis desfavorecidos ou con máis dificultades, financiando iniciativas que axuden a diminuír as desigualdades e a incrementar e contribuír a mellorar as súas condicións de vida.

2.- TIPOLOXÍA DAS AXUDAS.

Financiarase con cargo ao presente programa a adquisición de (con carácter non exhaustivo):

1. Libros de texto.
2. Material escolar funxible : cadernos, folios, cores, lapis, bolígrafos, carpetas, tinta de impresora,



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

3. Material complementario: compás, estoxo, regras, mochilas, libros de lectura, pendrive,.....
4. Material deportivo: chándal, tenis, camisetas, calcetíns,.....
5. Roupa de abrigo e calzado.

3.- REQUISITOS.

Para ser persoa beneficiaria da bolsa complementaria ao estudo é preciso cumprir os requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

1. Ser proxenitor/a ou titor/a legal do alumnado matriculado ou con reserva de matrícula no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou ciclo formativo de grado básico nun centro educativo do Concello de Lalín durante o curso escolar 2024/2025 e convivir cos/cas menores para os/as que se solicita a bolsa.

2. Todos os membros da unidade familiar deberán de figurar empadroados e residir de modo efectivo no Concello de Lalín como mínimo con 1 ano de antelación a contar dende a data de presentación de solicitude.

As persoas estranxeiras que residan no Concello de Lalín poderán beneficiarse desta prestación, sempre que todos os membros da unidade familiar se atopen en situación administrativa regular e cumbran as condicións da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa normativa de desenvolvemento, tendo ademais que reunir o resto de requisitos establecidos nas presentes bases.

No suposto de casos de custodia compartida ambos proxenitores:

- Deberán de figurar empadroados no Concello de Lalín
 - e
 - Deberán cumprir co tempo mínimo de empadramento
3. Ter presentada a solicitude e documentación no prazo establecido.
 4. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención e/ou axuda de inclusión social concedida polo Concello de Lalín no exercicio 2023.
 5. Que a unidade familiar da persoa solicitante non supere o límite de ingresos económicos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente para o ano 2024 en función do número de membros da unidade familiar. O IPREM vixente para o ano 2024 é de 600€/mes, o que supón unha anualidade de 7.200€/ano (12 pagas):



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

Nº membros da unidade familiar	Intervalos do IPREM	Ingresos netos mensuais
2	Ata 2,5% do IPREM	Ata 1.500€
3	Ata 2,65% do IPREM	Ata 1.590€
4	Ata 2,80% do IPREM	Ata 1.680€
5	Ata 2,95% do IPREM	Ata 1.770€
6	Ata 3,10% do IPREM	Ata 1.860€
7	Ata 3,25% do IPREM	Ata 1.950€
8	Ata 3,40% do IPREM	Ata 2.040€

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar que será o resultado da agregación das rendas, segundo a declaración de IRPF, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro.

Nos casos de persoas que non estean obrigadas a presentar declaración da renda, tomaranse como ingresos os rendementos íntegros do certificado de imputacións do IRPF, emitido pola axencia tributaria, ao que se deducirán os gastos totais deducibles.

No caso de non figurar datos na axencia tributaria tomaranse como ingresos os que figuren nos certificados de ingresos correspondentes ao ano 2023 emitidos pola Seguridade Social no caso de persoas perceptoras de prestacións desta entidade pública, ou polo servizo público de emprego no caso de persoas desempregadas, ou ben o importe anual percibido en concepto de renda de integración social de Galicia ou calquera outra prestación pública.

No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar computarase como mínimo equivalente ao IPREM anual (7.200 euros anuais).

Por tanto, considéranse ingresos netos mensuais da unidade familiar a cantidade resultante das seguintes operacións: o importe obtido segundo os catro parágrafos anteriores dividido entre doce mensualidades + importe mensual das pensións alimenticias percibidas+importe mensual do alugueiro da vivenda ou da cota hipotecaria co límite de 200 euros/mes.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, as persoas interesadas terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos últimos 6 meses a contar dende o mes anterior á presentación de solicitude.

4.- NORMAS DE OUTORGAMENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Non obstante o anterior, en aplicación do disposto no artigo 55.1 do Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, non será necesario establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, se o crédito consignado na convocatoria resulta suficiente para atender todas as solicitudes, unha vez finalizado o prazo de presentación.

5.- COMPATIBILIDADE.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter a persoa beneficiaria doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

6.- PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto.

- As solicitudes de bolsas complementarias ao estudo xunto coa documentación presentaranse, preferiblemente, por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Lalín. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP Pontevedra. As solicitudes presentadas fóra deste prazo establecido non serán admitidas.

7.- DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR.

A efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos previstos na presente convocatoria considérase que forman parte da unidade familiar no momento de presentar a solicitude:

a) A nai, o pai, no seu caso, o/a titor/a legal dos/as alumnos/as non separados legalmente, ou aínda cando o estean convivisen co/a alumno/a.

b) Irmás ou irmáns do/a alumno/a menores de idade que convivan no domicilio familiar.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

c) Irmás ou irmáns do/a alumno/a maiores de idade con ingresos que convivan no domicilio familiar.

A xustificación documental dos membros da unidade familiar efectuarase mediante a presentación do/s libro/s de familia. No caso de fillos/as maiores de idade que non convivan no domicilio familiar acreditarase a non convivencia mediante o correspondente certificado de convivencia.

Tanto nos casos de separación ou divorcio como nos de viuvez si terá a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe, parella de feito ou persoa unida por análoga relación de afectividade, agás nos casos de custodia compartida.

Teranse en conta os ingresos de ambos proxenitores e dos restantes membros da unidade familiar.

8.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes (Anexo I) e demais documentación presentaranse de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto. Ditos modelos facilitaranse na Concellería de Política Social, no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, na páxina web www.lalin.gal así como na sede electrónica do Concello de Lalín

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva emenda de erros ou defectos.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación: (só en caso de que non obre en poder do Concello de Lalín ou a mesma non estea actualizada)

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA:

1.- Documentación relativa á persoa solicitante e/ou aos membros da unidade familiar:

- Copia do NIF, en vigor, para os cidadáns españois.
- Certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros, dos/das cidadáns da Unión Europea, así como o pasaporte ou tarxeta de identidade do país de procedencia en vigor.
- Tarxeta de residencia en vigor para as persoas estranxeiras que non estivesen en ningún dos dous supostos anteriores.
- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas datas de nacemento.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

- En caso de garda e custodia compartida deberá presentarse copia da sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador así como a autorización expresa do/a proxenitor/a custodio/a que non presenta a solicitude de bolsa complementaria (Anexo IV).
- En caso de separación ou divorcio acreditarase mediante a seguinte documentación:

f.1) Na separación de feito achegarase xustificante de interposición da demanda de divorcio ou calquera outra documentación que avale esta situación.

f.2) En caso de separación legal ou divorcio, deberá presentarse copia completa da sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador no que conste a atribución da garda e custodia do/a alumno/a.

- En caso de falecemento dun dos proxenitores : certificado de defunción.
- Declaración na que se indique a/s subvención/s solicitada/s, concedida/s ou recibida/s para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. (Anexo VI)
- Declaración de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e o Concello de Lalín (Anexo VI). Esta declaración terá unha validez de seis meses. Así mesmo o Concello de Lalín poderá comprobar a ausencia de débedas co mesmo dos/as beneficiarias antes de proceder ao pagamento.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario/a de subvención. (Anexo VI)

2.- Documentación relativa á situación económica da unidade familiar:

- Declaración do IRPF do último exercicio fiscal ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, segundo a base 7ª (poderá ser solicitada polo Concello de Lalín, previa autorización da/s persoa/s interesada/s: Anexo VII)
- No caso de percibir pensións ou prestacións da seguridade social, certificado anual dos ingresos percibidos por calquera dos membros da unidade familiar correspondentes ao ano 2023 expedido pola Seguridade Social.
- No caso de persoas desempregadas, certificado anual dos ingresos percibidos por calquera dos membros da unidade familiar correspondentes ao ano 2023 expedido polo Servizo Público de Emprego.
- Fotocopia da resolución da renda de integración social ou de calquera outra prestación pública percibida por calquera dos membros da unidade familiar.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

No caso de non poder documentar a situación económica de ningunha das formas anteriores computáraselles como ingresos mínimos o equivalente ao IPREM en vigor.

- Certificado emitido pola entidade financeira das cantidades percibidas en concepto de pensión alimenticia ou calquera outro documento xustificativo de cobro das mesmas. No seu defecto, declaración xurada de non percibir pensión alimenticia.

3.- Documentación relativa ao pagamento das bolsas: xunto coa solicitude, presentárase autorización de pagamento delegado (Anexo V) das bolsas a favor dos establecementos onde a persoa beneficiaria faga uso dos vales.

Documentación complementaria para ser valorada a situación social da unidade familiar así como os gastos de vivenda:

4.- Documentación relativa á valoración de criterios sociais:

I. Criterio 9.4.1: certificado ou resolución de prestación ou subsidio de desemprego da persoa solicitante.

II. Criterio 9.4.2 : resolución da renda de integración social de Galicia da persoa solicitante.

III. Criterios 9.4.3 e 9.4.4 : copia da resolución do grao de dependencia.

IV. Criterios 9.4.3 e 9.4.4: copia de certificado do grao de discapacidade ou da resolución de pensión da Seguridade Social ou das clases pasivas.

V. Criterio 9.4.5: documentación que xustifique a condición de familia monoparental:

Certificado de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia

ou

Copia de sentenza ou resolución xudicial que estableza as relacións paterno-filiais dos/as fillos/as en común.

ou

Certificado de defunción do/a proxenitor/a.

De acordo co artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: para os efectos da presente lei, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

c) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

VI.Criterio 9.4.6: título de familia numerosa en vigor segundo o artigo 5 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas e demais normativa concordante.

VII.Criterio 9.4.7: certificado da orde de protección ou sentenza xudicial firme que acredite a condición de vítima de violencia e que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda. Poderá acreditarse igualmente esta condición mediante informe do Centro de Información ás Mulleres emitido no mesmo prazo indicado anteriormente.

5.- Documentación relativa á vivenda:

a) Copia de contrato/s de arrendamento en vigor.

b) Xustificación documental do pagamento da renda estipulada no/s contrato/s, preferentemente, a través de transferencia bancaria ou ingreso en conta da persoa arrendadora. Só serán admisibles os xustificantes de pago referidos ás 2 mensualidades inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

c) Copia da escritura de constitución de hipoteca para a adquisición de vivenda.

d) Xustificación documental do pagamento das cotas hipotecarias. Só serán admisibles os xustificantes de pago referidos ás 2 mensualidades inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

Así mesmo, poderase solicitar calquera outra documentación requirida para poder tramitar e valorar as solicitudes de bolsas complementarias ao estudo.

A documentación que se entregue para participar no procedemento deberá ser orixinal ou copia cotexada.

De acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no caso de que se produza calquera defecto, erro ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude notificaráselle á persoa solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días contados dende o seguinte á notificación do requirimento proceda á súa emenda.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 transcorrido o dito prazo sen que a solicitude fose emendada a mesma considerarase desistida previa resolución do Concello de Lalín.

A presentación de solicitude de bolsas ao amparo das presentes bases implicará a aceptación íntegra do contido das mesmas.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

9.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

9.1. Situación económica da unidade familiar.

Para avaliar a situación económica partírase dos ingresos netos medios mensuais da unidade familiar establecidos na presente convocatoria. Tomarase como base de cálculo a contía de 2,5 veces o IPREM (1.500 €).

A base de cálculo terá un valor constante de 50 puntos. Para efectos de contabilidade da puntuación partírase dos ingresos netos mensuais da unidade familiar (segundo o establecido na base terceira das presentes bases), puntuándose da seguinte forma:

1-os ingresos inferiores a base de cálculo, contados a partir dela de forma consecutiva e en sentido decrecente, computarase por tramos de 6,00 €. A cada tramos daráselle un valor de 2 puntos. A puntuación final, obterase adicionando o valor constante de 50 puntos, o resultado do valor da suma dos tramos indicados.

2-os ingresos superiores a base de cálculo, daráselle unha puntuación de menos 1 punto por cada tramo de 12 € superiores á base de cálculo. A puntuación final obterase restando o valor constante de 50 puntos, a suma negativa correspondente o resultado do valor da suma de tódolos tramos a considerar.

9.2. Número de membros da unidade familiar: a cada membro da unidade familiar daráselle un punto.

9.3. Número de menores escolarizados/as.

Menores Escolarizados/as	Puntuación
1	1
2	5
3	10
4	15
5	20
6	25
7	30
8	35

A partir de 9 menores escolarizados/as incrementaranse **10 puntos** por cada membro estudante que se sumarán aos puntos anteriores.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

9.4. Criterios Sociais.

Problemática social	Puntuación
1.-Persoa solicitante perceptora de prestación ou subsidio de desemprego.	40
2.- Persoa solicitante perceptora de renda de integración social de Galicia.	30
3.- Familias nas que os/as alumnos/as para os/as que se solicita a axuda estea/an afectados/as por algunha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% legalmente cualificada, ou estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro.	50
4.-Familias nas que algún/s membro/s estean afectados por algunha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% legalmente cualificada, ou estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro. Así mesmo considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os/as pensionistas de Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os/as pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo.	30
5.- Familias monoparentais.	50
6.- Familias numerosas.	50
7.- Persoa solicitante con condición de vítima de violencia de xénero.	50

A valoración das solicitudes farase segundo a puntuación total acadada nos apartados 1,2,3 e 4 desta base.

No suposto de que o número de solicitudes que reúnan os requisitos esixidos supere o importe destinado ás mesmas, darase prioridade ás daquelas familias que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

En virtude do obxecto e finalidade destas bolsas complementarias, as solicitudes que acaden puntuación nos criterios sociais terán prioridade sobre aquelas que carezan de puntuación neste apartado.

No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a seguinte orde de prioridade:

- 1º. Maior puntuación no apartado criterios sociais.
- 2º. Maior puntuación no apartado de situación económica da unidade familiar.
- 3º. Número de rexistro de entrada da solicitude.

No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes sen valoración da problemática social establecerase a seguinte orde de prioridade:

- 1º. Maior puntuación no apartado de situación económica da unidade familiar .
- 2º. Número de rexistro de entrada da solicitude

10.- CONTÍA DA BOLSA.

A contía da bolsa será por un importe único de 100€ por alumno/a matriculado/a.

11.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BOLSAS.

A instrución do procedemento corresponderalle á educadora familiar e a un/unha traballador/a social do Concello de Lalín, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

No expediente de concesión das axudas deberá figurar o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra en cada expediente individual se desprende que as persoas beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

Constituirase unha comisión avaliadora que estará composta por:

- **Presidenta:** Concelleira de Política Social.
- **Vogais:** traballadores/as sociais.

A comisión avaliadora procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de bolsas presentadas, conforme aos criterios establecidos na base 9, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A comisión poderá solicitar, motivadamente, os informes que estime necesarios para resolver as peticións. O prazo de emisión do/s mesmo/s será de dez días hábiles.



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

A comisión avaliadora terá competencia para a interpretación das bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

A comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe que deberá expresar:

- Relación de persoas solicitantes ás que se propón conceder a bolsa con especificación da contía proposta para cada unha delas e do tipo de vale.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración, salvo que non sexa necesario establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, se o crédito consignado na convocatoria resulta suficiente para atender todas as solicitudes, unha vez finalizado o prazo de presentación.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver por ter delegada a competencia da Alcaldía, sen prexuízo da posible avocación de competencia que poida producirse por causas debidamente xustificadas.

12.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de bolsas, previo informe da intervención municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses contados dende a data do acordo de aprobación das presentes bases.

A notificación levarase a cabo de acordo ao establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, transcorrido o prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude.

O Concello de Lalín notificará á axencia tributaria e á base de datos nacional de subvencións a relación de persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa, contra elas poderase interpoñer un recurso contencioso



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

-administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de seis meses e, para a persoa solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Malia o anterior, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de un mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa; se non o for, o prazo será de tres meses, que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

13.- CAUSAS DE DENEGACIÓN

- Presentación da solicitude fóra do prazo indicado na base sexta.
- Presentación fóra de prazo da documentación requirida.
- Non estar empadroados/as todos os membros da unidade familiar no Concello de Lalín.
- Non cumprir co tempo mínimo de empadramento esixido na base terceira.
- Non formar parte da unidade familiar os/as menores polos/as que se solicita a bolsa.
- No caso de garda e custodia compartida, que un dos proxenitores custodios non estea empadreado/a no Concello de Lalín ou que non cumpra co tempo de empadramento mínimo esixido.
- Superar os ingresos establecidos na base terceira.
- Que o/a alumno/a para quen se solicite a bolsa complementaria estea matriculado/a nunha ensinanza non contemplada na base segunda.
- Que o/a alumno/a para quen se solicite a bolsa complementaria non estea matriculado/a en centro de ensino situado no Concello de Lalín.
- Non cumprir as actividades obxecto de subvención na convocatoria anterior, é dicir, non realizar o gasto nos conceptos que se sinalaban na base segunda.
- Non cumprir algunha/s das obrigas estipuladas na base seguinte.
- Falta de dotación orzamentaria.

14.- OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

1. Cumprir as actividades obxecto de subvención, é dicir, realizar o gasto nos conceptos que se sinalan na base segunda para o/s curso/s no/s que acredita matrícula. (Anexo III)

2. Someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda. (Anexo III)



Mércores, 5 de xuño de 2024

Núm. 109

3. Comunicar á Concellería de Política Social calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda. (Anexo III)

4. Autorizar á educadora familiar da Concellería de Política Social para que, a través do Protocolo de coordinación socio-educativa, se leve a cabo o seguimento da adquisición e uso do material adquirido con cargo a bolsa complementaria concedida. (Anexo III)

5. Autorizar ao Concello de Lalín para que solicite do centro educativo no que estea matriculado/a o/a menor certificado de matrícula ou reserva de matrícula (Anexo II).

15.- PAGAMENTO DAS BOLSAS

1. A contía estipulada na base décima será aboada ás persoas beneficiarias mediante a entrega dun dos seguintes vales:

- Vale 1 (100% a destinar en libros de texto, material escolar funxible, material complementario ou 100% a destinar en material deportivo, roupa de abrigo ou calzado)
